

Denominación da Entidade Asociación Musical y Cultural Cantabile	Clave Entidade 30/798
Nome artístico Coro Cantabile	Clave Grupo CS/88
Título do espectáculo Cantabile canta en galego	

Sinopse:

No seu compromiso na promoción e defensa da cultura galega sobre todo, no eido da música, o Coro Cantabile presenta este espectáculo completamente en lingua galega, composta de cancións populares, poemas clásicos musicados e cantigas medievais galego-portuguesas.

O Coro Cantabile esta inmerso nun ilusionante proxecto, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, de renovación do repertorio coral culto galego, en galego. O resultado deste proxecto serán doce poemas inéditos dos e das mellores poetas de Galiza do momento aos que lles porán música compositores e compositoras tamén de Galiza. Polo tanto, o Concello que contrate este espectáculo, poderá disfrutar da estrea dalgunha destas pezas que, sen dúbida, pasarán a formar parte, nun lugar destacado, do novo repertorio coral culto galego.

Cantabile é un coro de voces mixtas, de 8 a 25 anos, cun repertorio de música polifónica variada, que abarca desde a música barroca, especialmente a obra sacra de Mozart, Haydn, Vivaldi ou Haendel, ata a música actual, pasando pola música popular galega, etc.

Do Coro forma parte tamén a Sección Xuvenil, con mozos e mozas a partir de 14 anos, que montan as súas propias pezas musicais achegando connotacións distintas ao repertorio de Cantabile.

A entidade responsabilízase sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, perante a Deputación da Coruña en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal